

The background of the entire image is a dense, close-up photograph of red leaves, likely from a poinsettia. The leaves are vibrant red with some darker, almost black, veins and shadows, creating a textured, organic pattern that fills the frame.

**Gonzalo
Sellés
Lenard**

**DES
IGUAL**

DES

IGUAL


Na serie Fuzzy, Gonzalo Sellés Lenard convida a e o espectador a unha dobre experiencia: unha observación empírica e física, condicionada polo movemento do ollo, ou unha inmersión máis profunda na conexión espazo-tempo. A través das súas pinceladas meticulosas, busca representar o intanxible, capturando o tempo de forma física.


A obra oscila entre a abstracción e a figuración e amósanos figuras identificables coma pétalos ou follas, mentres aborda ideas intanxibles propias da abstracción. A serie tamén propón unha ruptura coa concepción clásica da arte, imitando a natureza de maneira non coherente, xogando co equívoco ao representar simbolicamente o paso do tempo.

Sellés Lenard emprega unha estrutura topolóxica nas súas pinceladas, que se expanden centrifugamente para representar tanto o infinito coma o finito mediante formas pechadas ou estruturas descontinuas. A repetición de motivos xera un ritmo visual que evoca a constancia do paso do tempo, creando contrastes entre o baleiro e a materia, e suxerindo unha interacción entre espazo, tempo e representación.


A arte de Sellés Lenard tamén se conecta con conceptos estéticos xaponeses, coma *wabi sabi*, que celebra a imperfección e a fugacidade da beleza natural. A través da súa técnica, convida a e o espectador a unha contemplación profunda do paso do tempo e fomenta unha conexión íntima coa natureza e cos códigos que pasan desapercibidos a primeira vista.


A paleta cromática limitada, con pinceladas de brancos luminosos, vermello e grises, crea unha atmosfera de penumbra que resalta a impermanencia, un concepto clave no budismo zen. A obra transmite unha experiencia do efémero, evocando o proceso constante dos comezos e finais. Así, a e o espectador convértese en participantes activos na procura da verdade que vive a obra de maneira introspectiva, coma un refuxio do tempo e da natureza.






































DATAS E HORARIOS

Do 28 de febreiro ao 16 de marzo de 2025

De luns a venres, de 8 a 20 h

Sábados e festivos, de 10 a 14 h e de 16 a 19 h

Domingos, de 10 a 14 h

LUGAR

Palacete das Mendoza. Sala de exposicións

Praza de Santa María, s/n

Pontevedra

